



# **OCUPACIÓN HOTELEIRA**

## **Análise nos destinos urbanos de Galicia**

**Agosto 2019**

---

**CONCELLO DE A CORUÑA**


---

*Táboa 1: Demanda Turística Hoteleira e Ocupación no concello de A Coruña*

		Agosto 2019	Acum. Agosto 2019
<b>VIAXEIROS</b>	Nº	<b>56.094</b>	<b>311.644</b>
	Var. 19/18	10,5%	5,6%
<b>PERNOCTACIÓNS</b>	Nº	<b>141.476</b>	<b>676.511</b>
	Var. 19/18	8,8%	7,2%
<b>ESTADIA MEDIA</b>	Nº	<b>2,52</b>	<b>2,17</b>
	Var. 19/18	-1,6%	1,5%
<b>OCUPACIÓN (%)</b>	%	<b>83,04%</b>	<b>53,54%</b>
	Var. 19/18	0,05	1,62
<b>ADR (€)</b>	%	<b>80,6 €</b>	<b>63,9 €</b>
	Var. 19/18	6,2%	4,0%
<b>RevPAR (€)</b>	%	<b>70,0 €</b>	<b>42,0 €</b>
	Var. 19/18	10,0%	10,0%

*Táboa 2: Demanda Turística Hoteleira, segundo procedencia.*


		Agosto 2019	Acum. Agosto 2019
<b>VIAXEIROS NACIONAIS</b>	Nº	<b>43.266</b>	<b>244.050</b>
	Var. 19/18	8,5%	3,2%
<b>VIAXEIROS ESTRANXEIROS</b>	Nº	<b>12.828</b>	<b>67.594</b>
	Var. 19/18	17,9%	15,1%
<b>PERNOCT. NACIONAIS</b>	Nº	<b>113.933</b>	<b>529.988</b>
	Var. 19/18	8,2%	6,7%
<b>PERNOCT. ESTRANXEIROS</b>	Nº	<b>27.543</b>	<b>146.523</b>
	Var. 19/18	11,0%	8,8%

**AGOSTO 2019**

- No pasado mes de agosto rexístrase un comportamento positivo da demanda hoteleira na cidade de A Coruña. A cifra de viaxeiros aloxados incrementábase nun 10,5% e o volume de noites un 8,8% en relación ao mesmo período do pasado ano.
- Este incremento contrasta coa caída rexistrada no pasado ano 2018 -do 7,4%- mais da continuidade á tendencia positiva dos tres anos anteriores con crecementos consecutivos desde o 2015 ata 2017, de diversa intensidade. Esta dinámica coloca o nivel final de demanda hoteleira na cidade de A Coruña en máis de 141 mil noites no mes de agosto, a cifra máis elevada da serie histórica. Por quinto ano consecutivo o volume de demanda supera as 130 mil noites neste oitavo mes do ano.


- En termos de viaxeiros aloxados a dinámica cambia levemente pois o incremento deste mes de agosto rompe con dous anos consecutivos de caídas deixando o nivel final novamente por encima dos 56 mil viaxeiros.
- O 80,5% da demanda corresponde ao turismo nacional –que engloba ao interno e ao que procede do resto das comunidades autónomas- mentres que o 19,5% restante é de orixe internacional.
- Neste oitavo mes do ano obsérvase un comportamento positivo e homoxéneo dos dous grandes segmentos de mercado. O turismo nacional sobe un 8,2% como consecuencia cun incremento parello da cifra de viaxeiros españois, do 8,5% neste caso. Contrasta ese crecemento coa caída rexistrada no pasado ano, do 8,0%, mais da continuidade á tendencia positiva rexistra de 2015 a 2017. Con isto o nivel final deste ano fica preto de 114 mil noites, a segunda cifra máis elevada da serie histórica.
- O mercado internacional presenta igualmente un comportamento positivo superando nun 17,9% a cifra de viaxeiros estranxeiros e nun 11,0% o volume de noites do pasado ano. Con case 28 mil noites o mercado internacional marca un máximo histórico de demanda en A Coruña no mes de agosto.
- A estadia media hoteleira descende levemente neste mes, un 1,6% en particular, situándose en 2,5 noites. Rómponse desta maneira con dous anos consecutivos de crecemento. É a cifra máis elevada do ano na cidade e tamén, xunto con Vigo e Ferrol, unha das máis elevadas dos destinos urbanos de Galicia neste mes de agosto.
- Incrementábase a demanda nun contexto de crecemento parello da oferta dispoñible –o volume de prazas ofertadas sobe un 7,9%-, circunstancia que mantén estable o nivel de ocupación en comparación co pasado ano –fica no 83,0%, a cifra máis elevada da serie histórica correspondente a este oitavo mes-.
- As tarifas hoteleiras incrementáanse neste oitavo mes do ano –un 6,2% en particular- situándose en 80,6 euros de ingreso medio por habitación ocupada.
- A mellora dos niveis de demanda e ocupación acontece, por tanto, nun contexto de crecemento dos prezos. Tal circunstancia provoca que melloren sensiblemente os niveis de rendibilidade hoteleira. Neste sentido o RevPAR hoteleiro sobe un 10,0% situándose en 70,0 euros de ingreso medio por habitación dispoñible.

*Noites hoteleiras no concello de A Coruña. Mes de agosto 2012-19*



**ACUM. AGOSTO 2019**

- Nos primeiros oito meses deste ano 2019 obsérvase un comportamento positivo da demanda hoteleira na cidade de A Coruña. En concreto, a cifra de viaxeiros aloxados sobe un 5,6% e o volume de noites un 7,2% en relación ao mesmo período do pasado ano.
- Contrasta esta suba coa caída rexistrada no pasado ano 2018 –do 4,2%- mais da continuidade á tendencia positiva dos cinco anos anteriores –nos primeiros oito meses de 2013 a 2017-. Con isto o nivel de demanda da cidade de A Coruña ascende a máis de 676 mil noites –a cifra máis elevada da serie histórica-. Por cuarto ano consecutivo o volume de noites hoteleira da cidade de A Coruña sitúase por encima das 600 mil no acumulado a agosto.
- En termos de viaxeiros aloxados a dinámica é semellante acadando neste caso preto de 312 mil neste período.
- O bo comportamento da demanda neste período vén como consecuencia dos incrementos rexistrados nos oito meses considerados, con subas do 10% en xaneiro, do 4% en febreiro, do 0,5% en marzo –certa estabilidade-, do 7,3% en abril, do 18,6% en maio, do 3,6% en xuño, do 4,7% en xullo e do 8,8% agora en agosto. Tendo en conta só o verán o incremento da demanda sitúase no 6,9% en termos globais, con preto de 261 mil noites –máximo histórico na cidade-.
- O 78% da demanda corresponde ao turismo nacional –que engloba ao interno e ao que procede do resto das comunidades autónomas- mentres que o 22% restante é de orixe internacional.
- Neste período obsérvase un comportamento homoxéneo e positivo dos dous grandes segmentos de mercado. O turismo nacional sobe un 6,7% como consecuencia da combinación de dous factores: incremento da cifra de viaxeiros españois, do 3,2%, nun contexto de mellora da estadia media.
- O mercado internacional amosa tamén unha dinámica positiva superando nun 15,1% a cifra de viaxeiros aloxados e nun 8,8% o volume de noites do mesmo período do pasado ano. Isto permite rexistrar un máximo histórico de demanda internacional neste período de oito meses con preto de 147 mil noites.
- A estadia media hoteleira increméntase por segundo ano consecutivo –un 1,5% no acumulado a agosto-, situándose preto de 2,2 noites –a cifra máis elevada dos últimos cinco anos-.
- Increméntase a demanda nun contexto de crecemento paralelo aínda que de menor intensidade da oferta dispoñible –o volume de prazas ofertadas sobe un 3,5%-, circunstancia que permite mellorar o nivel de ocupación –sobe en 1,6 puntos porcentuais– para deixalo no 53,5%. É a porcentaxe máis elevada da serie histórica.
- As tarifas hoteleiras increméntanse levemente neste período de oito meses –un 4,0% en particular- situándose en 63,9 euros de ingreso medio por habitación ocupada.
- A mellora dos niveis de ocupación acontecida ademais nun contexto de suba dos prezos provoca que neste período de oito meses melloren tamén os niveis de rendibilidade hoteleira. Neste sentido o RevPAR hoteleiro sobe un 10,0% para situarse en 42,0 euros de ingreso medio por habitación dispoñible.

*Noites hoteleiras no concello de A Coruña. Acum. Agosto 2012-19*

---

**CONCELLO DE FERROL**


---

*Táboa 1: Demanda Turística Hoteleira e Ocupación no concello de Ferrol*

		Agosto 2019	Acum. Agosto 2019
<b>VIAXEIROS</b>	Nº	<b>7.616</b>	<b>38.702</b>
	Var. 19/18	-13,6%	-1,5%
<b>PERNOCTACIÓNS</b>	Nº	<b>20.566</b>	<b>82.351</b>
	Var. 19/18	13,3%	0,2%
<b>ESTADIA MEDIA</b>	Nº	<b>2,70</b>	<b>2,13</b>
	Var. 19/18	31,2%	1,8%
<b>OCUPACIÓN (%)</b>	%	<b>71,40%</b>	<b>39,74%</b>
	Var. 19/18	5,56	-0,09

*Táboa 2: Demanda Turística Hoteleira, segundo procedencia.*


		Agosto 2019	Acum. Agosto 2019
<b>VIAXEIROS NACIONAIS</b>	Nº	<b>6.179</b>	<b>31.175</b>
	Var. 19/18	-15,8%	-3,4%
<b>VIAXEIROS ESTRANXEIROS</b>	Nº	<b>1.438</b>	<b>7.528</b>
	Var. 19/18	-2,8%	6,9%
<b>PERNOCT. NACIONAIS</b>	Nº	<b>17.161</b>	<b>62.983</b>
	Var. 19/18	21,1%	0,6%
<b>PERNOCT. ESTRANXEIROS</b>	Nº	<b>3.405</b>	<b>19.367</b>
	Var. 19/18	-14,3%	-1,0%

**AGOSTO 2019**

- No pasado mes de agosto obsérvase un comportamento positivo de demanda hoteleira na cidade de Ferrol. En concreto, increméntase o volume de noites un 13,3% como consecuencia dunha notable mellora da estadía media pois a cifra de viaxeiros aloxados descende un 13,6%.
- Contrasta este incremento coa caída rexistrada en agosto de 2018 mais da continuidade á serie de crecementos dos dous anos anteriores. Son, por tanto, tres anos case consecutivos de mellora dos niveis de demanda hoteleira en Ferrol neste segundo mes do verán, circunstancia que coloca a cifra final deste ano en preto de 21 mil noites –o dato máis elevado de cando menos os últimos cinco anos-.
- O 83% da demanda corresponde ao turismo nacional –que engloba ao interno e ao que procede do resto das comunidades autónomas- mentres que o 17% restante é de orixe internacional.

- Neste segundo mes do verán obsérvase un comportamento dispar dos dous grandes segmentos de mercado. O turismo nacional sobe un 21,1% como consecuencia do forte crecemento da estadia media –do 44%- pois a cifra de viaxeiros españois descende un 15,8%. Son variacións de notable intensidade e moi dispares que colocan o nivel final en algo máis de 17 mil noites.
- O mercado internacional presenta en cambio un comportamento negativo cun descenso do 2,8% na cifra de viaxeiros estranxeiros e do 14,3% no volume de noites en relación ao mesmo período do pasado ano.
- A estadia media hoteleira sobe de forma notable neste mes –un 31% en particular- colocando a cifra final en 2,7 noites –a cifra máis elevada da serie histórica e ao mesmo tempo o dato máis alto dos destinos urbanos de Galicia-.
- O incremento da demanda prodúcese nun contexto de estabilidade da oferta dispoñible –o volume de prazas ofertadas mantense exactamente nos niveis do pasado ano-, circunstancia que leva a unha mellora do nivel de ocupación -sobe en case seis puntos porcentuais para situarse no 71,4% de media para este mes de agosto-.

*Noites hoteleiras no concello de Ferrol. Mes de agosto 2015-19*




### ACUM. AGOSTO 2019

- Nos primeiros oito meses deste ano obsérvase certa estabilidade dos niveis de demanda hoteleira na cidade de Ferrol en relación ao mesmo período do pasado ano. En particular, o volume de noites mantense en niveis semellantes aos de 2018 aínda que a cifra de viaxeiros aloxados descende levemente, un 1,5% neste caso.
- No medio prazo obsérvase un comportamento irregular da demanda no acumulado a agosto. Neste sentido estabilízase en 2016, descende un 7% en 2017, sobe un 8% en 2018 para manterse novamente estable agora en 2019. Esta dinámica pouco estable coloca o nivel final deste ano en máis de 82 mil noites –cifra moi parella á rexistrada en 2015, 2016 e 2018.

- No curto prazo diferéncianse dous períodos concretos. O primeiro de xaneiro a maio, no que se observa un comportamento negativo da demanda con caídas de diversa intensidade que superan o 20% interanual en marzo e maio, e un segundo de xuño a agosto, período no que a demanda hoteleira sobe a taxas variables –un 8% en xuño, un 18% en xullo e un 13% agora en agosto-.
- Isto reflicte un comportamento positivo nos meses de maior afluencia turística –en particular no verán o volume de noites sobe un 15,7%-.
- O 76,5% da demanda corresponde ao turismo de ámbito nacional –que engloba ao interno e ao que procede do resto das comunidades autónomas- mentres que o 23,5% restante é de orixe internacional.
- Nos primeiros oito meses deste ano obsérvase un comportamento dispar dos dous grandes segmentos de mercado. O turismo nacional mantense relativamente estable a pesar da caída da cifra de viaxeiros españois –do 3,4%-.
- O mercado internacional amosa en cambio un comportamento negativo, cun leve descenso do 1,0% no volume de noites hoteleira provocado por unha caída da estadia media pois a cifra de viaxeiros estranxeiros increméntase nun 6,9%.
- A estadia media hoteleira increméntase por segundo ano consecutivo –un 1,8% neste período de oito meses- situándose en pouco máis de 2,1 noites –a cifra máis elevada dos últimos tres anos-.
- Estabilízase a demanda nun contexto de certa caída da oferta dispoñible –o volume de prazas ofertadas descende un 1,6%-, circunstancia que neste caso leva a estabilizar tamén o nivel de ocupación, situándose no 39,7% neste período.

*Noites hoteleiras no concello de Ferrol. Acum. Agosto 2015-19*





---

**CONCELLO DE LUGO**


---

*Táboa 1: Demanda Turística Hoteleira e Ocupación no concello de Lugo*

		Agosto 2019	Acum. Agosto 2019
<b>VIAXEIRO</b>	Nº	<b>23.216</b>	<b>106.633</b>
	Var. 19/18	18,3%	4,8%
<b>PERNOCTACIÓN</b>	Nº	<b>39.058</b>	<b>200.231</b>
	Var. 19/18	19,8%	6,0%
<b>ESTADIA MEDIA</b>	Nº	<b>1,68</b>	<b>1,88</b>
	Var. 19/18	1,3%	1,2%
<b>OCUPACIÓN (%)</b>	%	<b>73,72%</b>	<b>50,46%</b>
	Var. 19/18	9,38	2,19
<b>ADR (€)</b>	%	<b>48,3 €</b>	<b>47,9 €</b>
	Var. 19/18	0,9%	6,5%
<b>RevPAR (€)</b>	%	<b>35,9 €</b>	<b>26,9 €</b>
	Var. 19/18	17,0%	11,9%

*Táboa 2: Demanda Turística Hoteleira, segundo procedencia.*


		Agosto 2019	Acum. Agosto 2019
<b>VIAXEIRO NACIONAL</b>	Nº	<b>19.826</b>	<b>89.968</b>
	Var. 19/18	19,7%	2,1%
<b>VIAXEIRO ESTRANXERO</b>	Nº	<b>3.390</b>	<b>16.655</b>
	Var. 19/18	10,6%	21,7%
<b>PERNOCT. NACIONAL</b>	Nº	<b>34.073</b>	<b>169.372</b>
	Var. 19/18	20,4%	1,0%
<b>PERNOCT. ESTRANXERO</b>	Nº	<b>4.985</b>	<b>30.859</b>
	Var. 19/18	16,1%	45,6%

**AGOSTO 2019**

- No pasado mes de agosto obsérvase un comportamento positivo da demanda hoteleira na cidade de Lugo. En particular, a cifra de viaxeiros aloxados incrementábase nun 18,3% e o volume de noites nun 19,8% en relación ao mesmo período do pasado ano.
- Contrasta este incremento coa caída rexistrada no pasado ano –do 5,3%– mais da continuidade á tendencia positiva de anos anteriores, concretamente de 2015 a 2017, con subas de diversa intensidade. Esta tendencia coloca o nivel deste ano, no mes de agosto, en pouco máis de 39 mil noites –a cifra máis elevada da década–.


- O 87% da demanda corresponde ao turismo nacional –que engloba ao interno e ao que procede do resto das comunidades autónomas- mentres que o 13% restante é de orixe internacional.
- Neste oitavo mes do ano obsérvase un comportamento homoxéneo dos dous grandes segmentos de mercado. O turismo nacional sobe un 20,4% como consecuencia esencialmente dun incremento da cifra de viaxeiros españois, do 19,7%, nun contexto de estabilidade da estadía media.
- O mercado internacional amosa tamén un comportamento positivo, superando nun 16,1% o nivel de demanda do pasado ano como consecuencia da combinación de dous factores: incremento da cifra de viaxeiros estranxeiros, do 10,6%, e mellora da estadía media.
- A estadía media global increméntase neste mes –un 1,3% en particular- situándose preto de 1,7 noites. A variación é moi pouco significativa e de feito a cifra aseméllase á rexistrada nos últimos dous anos. Fálase entón de estabilidade en termos globais.
- O incremento da demanda prodúcese nun contexto de crecemento parello da oferta dispoñible, pero de menor intensidade –o volume de prazas ofertadas sobe un 4,8%-. Tal circunstancia leva, por tanto, a unha mellora do nivel de ocupación -sobe en máis de nove puntos porcentuais para situarse no 73,7% de media para este mes de agosto, a cifra máis elevada da década-. Dobra o nivel de ocupación rexistrado en agosto de 2012 cando se situaba no 37,6% de media.
- As tarifas hoteleiras increméntanse neste mes –un 0,9% en particular-, para situarse en 48,3 euros de ingreso medio por habitación ocupada.
- O incremento dos niveis de demanda e ocupación, acontecido ademais nun contexto de leve mellora dos prezos, leva a que neste mes melloren os niveis de rendibilidade hoteleira. Neste sentido o RevPAR sobe un 17,0% para situarse en 35,9 euros de ingreso medio por habitación dispoñible.

*Noites hoteleiras no concello de Lugo. Mes de agosto 2012-19*



**ACUM. AGOSTO 2019**

- Nos primeiros oito meses deste ano 2019 obsérvase un comportamento positivo da demanda hoteleira na cidade de Lugo. En particular, a cifra de viaxeiros aloxados sobe un 4,8% e o volume de noites un 6,0% en relación ao mesmo período do pasado ano.
- É o cuarto ano case consecutivo no que se observa un incremento da demanda hoteleira en Lugo no conxunto dos primeiros oito meses do ano, tendencia só puntualmente amortiguada pola caída rexistrada xustamente no pasado ano, do 2,0%. Con esta dinámica os establecementos hoteleiros de Lugo rexistran no acumulado a agosto algo máis de 200 mil noites –o dato máis elevada da década e probablemente da serie histórica-.
- O bo comportamento da demanda vén como consecuencia basicamente dos incrementos rexistrados nos últimos tres meses –do 17,7% en xuño, do 10,5% en xullo e do 19,8% agora en agosto-. Ata maio a dinámica é máis irregular alternando meses de crecemento con meses de caídas, sempre de baixa intensidade.
- O 85% da demanda corresponde ao turismo nacional –que engloba ao interno e ao que procede do resto das comunidades autónomas- mentres que o 15% restante é de orixe internacional.
- Neste período obsérvase un comportamento positivo e homoxéneo dos dous grandes segmentos de mercado se ben con variacións de diversa intensidade. O turismo nacional sobe levemente, un 1,0% en particular, como consecuencia esencialmente dun incremento paralelo da cifra de viaxeiros españois, do 2,1% neste caso.
- O mercado internacional amosa un incremento moi notable, superando nun 46% os niveis do pasado ano como consecuencia da combinación de dous factores: notable crecemento da cifra de viaxeiros estranxeiros, do 22%, e mellora da estadía media, do 20% nestes caso.
- A estadía media hoteleira global increméntase neste período en relación ao pasado ano –un 1,2%- quedando preto de 1,9 noites.
- Sobe o nivel de demanda nun contexto de certo incremento da oferta dispoñible, pero de menor intensidade –o volume de prazas ofertadas increméntase un 1,6%-, circunstancia que leva a unha mellora do nivel de ocupación -sobe en pouco máis de dous puntos porcentuais para situarse no 50,5% de media para este período de oito meses –a cifra máis elevada da década-.
- As tarifas hoteleiras soben neste período de oito meses –un 6,5% en particular-, situándose en 47,9 euros de ingreso medio por habitación ocupada.
- Tal circunstancia, engadida ao incremento dos niveis de demanda e ocupación, provoca en esencia que neste período melloren tamén os niveis de rendibilidade hoteleira –un 11,9% en particular-. Neste sentido o RevPAR hoteleiro sitúase en 26,9 euros de ingreso medio por habitación dispoñible.



---

**CONCELLO DE OURENSE**


---

*Táboa 1: Demanda Turística Hoteleira e Ocupación no concello de Ourense*

		Agosto 2019	Acum. Agosto 2019
<b>VIAXEIROS</b>	Nº	<b>16.873</b>	<b>98.736</b>
	Var. 19/18	17,6%	14,5%
<b>PERNOCTACIÓNS</b>	Nº	<b>30.361</b>	<b>161.227</b>
	Var. 19/18	19,9%	13,6%
<b>ESTADIA MEDIA</b>	Nº	<b>1,80</b>	<b>1,63</b>
	Var. 19/18	2,0%	-0,7%
<b>OCUPACIÓN (%)</b>	%	<b>73,0%</b>	<b>51,24%</b>
	Var. 19/18	8,93	5,59
<b>ADR (€)</b>	%	<b>57,5 €</b>	<b>54,8 €</b>
	Var. 19/18	-0,3%	-4,7%
<b>RevPAR (€)</b>	%	<b>44,4 €</b>	<b>32,1 €</b>
	Var. 19/18	16,2%	9,3%

*Táboa 2: Demanda Turística Hoteleira, segundo procedencia.*


		Agosto 2019	Acum. Agosto 2019
<b>VIAXEIROS NACIONAIS</b>	Nº	<b>14.178</b>	<b>84.243</b>
	Var. 19/18	23,9%	15,6%
<b>VIAXEIROS ESTRANXEIROS</b>	Nº	<b>2.695</b>	<b>14.493</b>
	Var. 19/18	-7,0%	8,3%
<b>PERNOCT. NACIONAIS</b>	Nº	<b>26.112</b>	<b>138.039</b>
	Var. 19/18	25,9%	16,5%
<b>PERNOCT. ESTRANXEIROS</b>	Nº	<b>4.249</b>	<b>23.188</b>
	Var. 19/18	-7,2%	-1,1%

**AGOSTO 2019**

- No pasado mes de agosto obsérvase un comportamento positivo da demanda hoteleira na cidade de Ourense. En particular, a cifra de viaxeiros aloxados sobe un 17,6% e o volume de noites un 19,9% en relación ao mesmo período do pasado ano.
- Incrementáanse a demanda por segundo ano consecutivo e por quinta vez nos últimos seis anos – desde 2014 o volume de noites no mes de agosto subiu de forma constante agás en 2017 que experimentou unha caída do 8,2%-. Esta dinámica coloca o nivel final deste ano en máis de 30 mil noites, a cifra máis elevada da década e probablemente da serie histórica.


- O 86% da demanda corresponde ao turismo nacional –que engloba ao interno e ao que procede do resto das comunidades autónomas- mentres que o 14% restante é de orixe internacional.
- Neste segundo mes do verán obsérvase un comportamento dispar dos dous grandes segmentos de mercado, con variacións ademais de notable intensidade. O turismo nacional sobe un 26% como consecuencia dun incremento parello da cifra de viaxeiros españois, do 24% neste caso. É o segundo ano consecutivo de crecemento do turismo nacional en Ourense no mes de agosto, circunstancia que coloca o nivel final en algo máis de 26 mil noites –a cifra máis elevada da década-.
- O mercado internacional presenta en cambio un comportamento negativo cun descenso global do 7% auspiciado por unha caída paralela da cifra de viaxeiros estranxeiros –tamén do 7%-.
- A estada media hoteleira increméntase por segundo ano consecutivo –un 2,0% neste mes-, situándose desta maneira en 1,8 noites –a cifra máis elevada dos últimos catro anos-.
- O incremento da demanda prodúcese nun contexto de crecemento da oferta dispoñible, de menor intensidade –o volume de prazas ofertadas sobe un 3,8%-, circunstancia que implica unha mellora do nivel de ocupación –sobe en case nove puntos porcentuais- para situalo no 73,0% neste oitavo mes do ano.
- As tarifas hoteleiras mantéñense estables neste mes de agosto –en sentido estrito descenden un 0,3%- situándose en 57,5 euros de ingreso medio por habitación ocupada.
- A pesar desta estabilización, a mellora do nivel de demanda e ocupación leva neste mes a un incremento dos niveis de rendibilidade. Neste sentido o RevPAR hoteleiro sobe un 16,2% situándose en 44,4 euros de ingreso medio por habitación dispoñible.

*Noites hoteleiras no concello de Ourense. Mes de agosto 2012-19*



**ACUM. AGOSTO 2019**

- Nos primeiros oito meses deste ano 2019 obsérvase un incremento dos niveis de demanda hoteleira na cidade de Ourense. En particular, a cifra de viaxeiros aloxados sobe un 14,5% e o volume de noites un 13,6% en relación ao mesmo período do pasado ano.
- É o segundo ano consecutivo, e cuarto nos últimos cinco, no que se observa unha mellora dos niveis de demanda hoteleira en Ourense no acumulado a agosto –no pasado ano 2018 a suba fora do 2,0%-, situando o nivel deste 2019 en algo máis de 161 mil noites –a cifra máis elevada da década pois nunca antes a cidade conseguira superar a barreira das 160 mil noites nos primeiros oito meses-. Son máis de 19 mil novas pernoctacións en comparación co pasado 2018.
- Este comportamento positivo vén como consecuencia de acumular sete meses consecutivos de crecemento da demanda en Ourense, con subas do 19% en febreiro, do 11% en marzo, do 25% en abril, do 13% en maio, do 1% en xuño, do 18% en xullo e do 20% agora en agosto. Só en xaneiro obsérvase unha caída moi suave neste caso, do 1,7% no volume de noites. O cómputo do verán amosa un crecemento global da demanda do 19% con preto de 53 mil pernoctacións.
- O 86% da demanda corresponde ao turismo nacional –que engloba ao interno e ao que procede do resto das comunidades autónomas- mentres que o 14% restante é de orixe internacional.
- Neste período obsérvase un comportamento algo diferente dos dous grandes segmentos de mercado. O turismo nacional sobe un 16,5% como consecuencia esencialmente dun crecemento da cifra de viaxeiros españois, do 15,6% neste caso.
- O mercado internacional, en cambio, descende levemente –o volume de noites cae un 1,1% como consecuencia do descenso da estadia media pois a cifra de viaxeiros estranxeiros increméntase nun 8,3%-.
- A estadia media hoteleira mantense relativamente estable neste período, con algo máis de 1,6 noites no acumulado a agosto.
- O incremento da demanda prodúcese nun contexto de estabilidade da oferta dispoñible –en sentido estrito o volume de prazas ofertadas sobe un 0,7%-, circunstancia que leva a unha mellora do nivel de ocupación –de case seis puntos porcentuais- para situalo no 51,2% neste período de oito meses.
- As tarifas hoteleiras descenden no acumulado a agosto –un 4,7% en particular- situándose en 54,8 euros de ingreso medio por habitación ocupada.
- O incremento dos niveis de demanda e ocupación leva a que neste período de oito meses melloren os niveis de rendibilidade hoteleira –a pesar da caída dos prezos-. Neste sentido o RevPAR hoteleiro sobe un 9,3% para situarse en 32,1 euros de ingreso medio por habitación dispoñible.

*Noites hoteleiras no concello de Ourense. Acum. Agosto 2012-19*



## CONCELLO DE PONTEVEDRA

Táboa 1: Demanda Turística Hoteleira e Ocupación no concello de Pontevedra

		Agosto 2019	Acum. Agosto 2019
<b>VIAXEIROS</b>	Nº	<b>18.465</b>	<b>83.873</b>
	Var. 19/18	19,5%	0,0%
<b>PERNOCTACIÓNS</b>	Nº	<b>36.221</b>	<b>176.730</b>
	Var. 19/18	25,1%	12,9%
<b>ESTADIA MEDIA</b>	Nº	<b>1,96</b>	<b>2,11</b>
	Var. 19/18	4,7%	12,9%
<b>OCUPACIÓN (%)</b>	%	<b>87,98%</b>	<b>54,99%</b>
	Var. 19/18	9,79	2,45

Táboa 2: Demanda Turística Hoteleira, segundo procedencia.


		Agosto 2019	Acum. Agosto 2019
<b>VIAXEIROS NACIONAIS</b>	Nº	<b>12.725</b>	<b>53.674</b>
	Var. 19/18	4,9%	-2,0%
<b>VIAXEIROS ESTRANXEIROS</b>	Nº	<b>5.740</b>	<b>30.199</b>
	Var. 19/18	72,8%	3,7%
<b>PERNOCT. NACIONAIS</b>	Nº	<b>28.490</b>	<b>124.287</b>
	Var. 19/18	18,3%	11,2%
<b>PERNOCT. ESTRANXEIROS</b>	Nº	<b>7.732</b>	<b>52.444</b>
	Var. 19/18	59,1%	17,1%

### AGOSTO 2019

- No pasado mes de agosto obsérvase un comportamento positivo da demanda hoteleira na cidade de Pontevedra. En concreto, increméntase a cifra de viaxeiros aloxados un 19,5% e o volume de noites un 25,1% en relación ao mesmo período do pasado ano. Neste sentido Pontevedra é a cidade que presenta mellor comportamento relativo en Galicia, coa suba de maior intensidade neste mes de agosto.
- Contrasta este incremento coa caída rexistrada no pasado ano –do 9,6%- mais da continuidade á tendencia positiva dos dous anos anteriores. Son, por tanto, tres anos case consecutivos de crecemento da demanda hoteleira en Pontevedra que sitúan o nivel final deste mes de agosto en máis de 36 mil noites –a cifra máis elevada de cando menos os últimos cinco anos-.
- O 79% da demanda corresponde ao turismo nacional –que engloba ao interno e ao que procede do resto das comunidades autónomas- mentres que o 21% restante é de orixe internacional.


- Neste segundo mes do verán obsérvase un comportamento positivo e homoxéneo dos dous grandes segmentos de mercado. O turismo nacional sobe un 18,3% como consecuencia da combinación de dous factores: incremento da cifra de viaxeiros españois –do 4,9%- e mellora da estada media.
- O mercado internacional amosa igualmente un comportamento positivo, de notable intensidade, superando nun 73% a cifra de viaxeiros estranxeiros e nun 59% o volume de noites do pasado ano. Son catro anos de crecemento consecutivo do turismo internacional en Pontevedra neste mes de agosto, circunstancia que eleva a cifra deste ano a preto de oito mil noites.
- A estada media hoteleira global increméntase neste mes –un 4,7% en particular- situándose preto das dúas noites.
- O incremento da demanda prodúcese nun contexto de crecemento parello da oferta dispoñible, de menor intensidade –o volume de prazas ofertadas sobe un 12,1%-, circunstancia que leva a unha mellora do nivel de ocupación -sobe en case oito puntos porcentuais para situarse no 88,0% de media para este mes de agosto-. É a cifra máis elevada, con diferenza, de cando menos os últimos cinco anos e tamén a porcentaxe máis alta dos destinos urbanos de Galicia.

*Noites hoteleiras no concello de Pontevedra. Mes de agosto 2015-19*



**ACUM. AGOSTO 2019**

- Nos primeiros oito meses deste ano 2019 obsérvase un comportamento positivo da demanda hoteleira na cidade de Pontevedra. En concreto, o volume de noites increméntase nun 12,9% en relación ao mesmo período do pasado ano como consecuencia dunha mellora da estadía media pois a cifra de viaxeiros aloxados mantense estable nos niveis do pasado ano.
- Son catro anos consecutivos de crecemento da demanda –medida en número de noites- no conxunto dos primeiros oito meses do ano, circunstancia que eleva a cifra de 2019 a preto de 177 mil noites –o dato máis elevado de cando menos os últimos cinco anos-. No acumulado a agosto de 2015 o nivel situábase en pouco máis de 104 mil noites.
- No curto prazo obsérvase un comportamento positivo xeneralizado, con incrementos da demanda en practicamente todos os meses do ano –coa excepción de xaneiro, mes no que o volume de noites se mantén estable en termos interanuais-. O crecemento de maior intensidade prodúcese en abril e agosto, cunha suba do 24% e 25% respectivamente.
- En termos absolutos o crecemento deste ano, ata o mes de agosto, supón a xeración de pouco máis de 20 mil novas pernoctacións en relación ao mesmo período de 2018.
- O 70% da demanda corresponde ao turismo nacional –que engloba ao interno e ao que procede do resto das comunidades autónomas- mentres que o 30% restante é de orixe internacional.
- Neste período obsérvase un comportamento homoxéneo dos dous grandes segmentos de mercado, con subas parellas e de similar intensidade. O turismo nacional increméntase nun 11,2% como consecuencia dunha mellora da estadía media pois a cifra de viaxeiros españois descende nun 2,0%-.
- Similar comportamento se observa no caso do mercado internacional –supera nun 17,1% o nivel dos primeiros oito meses de 2018- e ademais vén motivado pola combinación de dous factores: crecemento da cifra de viaxeiros estranxeiros, do 3,7%, e mellora da estadía media. Con isto o volume final de turismo internacional en Pontevedra supera as 52 mil noites –a cifra máis elevada de cando menos os últimos cinco anos-.
- A estadía media hoteleira increméntase neste período de oito meses –un 12,9% en particular- para situarse en 2,1 noites –a cifra máis elevada dos últimos cinco anos-. Supera en máis de dúas décimas o valor do pasado ano cando ficaba próximo a 1,9 noites.
- O incremento da demanda prodúcese nun contexto de crecemento parello da oferta dispoñible, pero de menor intensidade –o volume de prazas ofertadas sobe un 8,2%-, circunstancia que leva en todo caso a unha mellora do nivel de ocupación -sobe en máis de dous puntos porcentuais para situarse no 55,0% de media para este período de oito meses-.

*Noites hoteleiras no concello de Pontevedra. Acum. Agosto 2015-19*

**CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA**
*Táboa 1: Demanda Turística Hoteleira e Ocupación no concello de Compostela*

		Agosto 2019	Acum. Agosto 2019
<b>VIAXEIROS</b>	Nº	<b>102.369</b>	<b>526.361</b>
	Var. 19/18	-3,9%	4,7%
<b>PERNOCTACIÓNS</b>	Nº	<b>188.711</b>	<b>973.038</b>
	Var. 19/18	-2,4%	6,6%
<b>ESTADIA MEDIA</b>	Nº	<b>1,84</b>	<b>1,85</b>
	Var. 19/18	1,5%	1,8%
<b>OCUPACIÓN (%)</b>	%	<b>75,25%</b>	<b>53,39%</b>
	Var. 19/18	-1,28	3,00
<b>ADR (€)</b>	%	<b>80,5 €</b>	<b>70,5 €</b>
	Var. 19/18	6,5%	3,6%
<b>RevPAR (€)</b>	%	<b>61,9 €</b>	<b>41,9 €</b>
	Var. 19/18	2,9%	10,4%

*Táboa 2: Demanda Turística Hoteleira, segundo procedencia.*


		Agosto 2019	Acum. Agosto 2019
<b>VIAXEIROS NACIONAIS</b>	Nº	<b>63.728</b>	<b>291.186</b>
	Var. 19/18	4,2%	7,4%
<b>VIAXEIROS ESTRANXEIROS</b>	Nº	<b>38.641</b>	<b>235.175</b>
	Var. 19/18	-14,8%	1,6%
<b>PERNOCT. NACIONAIS</b>	Nº	<b>124.526</b>	<b>563.491</b>
	Var. 19/18	6,1%	9,8%
<b>PERNOCT. ESTRANXEIROS</b>	Nº	<b>64.185</b>	<b>409.547</b>
	Var. 19/18	-15,6%	2,5%

**AGOSTO 2019**

- No pasado mes de agosto obsérvase un comportamento negativo da demanda hoteleira na cidade de Compostela. En particular, a cifra de viaxeiros aloxados cae un 3,9% e o volume de noites un 2,4% en relación ao mesmo período do pasado ano.
- É o terceiro ano consecutivo no que se rexistra unha caída da demanda en Compostela no mes de agosto –con descensos non moi elevados pero si continuos- que sitúan o nivel final deste ano en preto de 189 mil noites –a cifra máis baixa dos últimos cinco anos-. O máximo da serie histórica acadábase en 2015 con preto de 208 mil noites.

- O 66% da demanda corresponde ao turismo nacional –que engloba ao interno e ao que procede do resto das comunidades autónomas- mentres que o 34% restante é de orixe internacional. Estas porcentaxes difiren das rexistradas en maio e xuño cando o mercado internacional representaba máis da metade do total da demanda hoteleira.
- Neste segundo mes do verán obsérvase un comportamento diferente dos dous grandes segmentos de mercado. O turismo nacional increméntase nun 6,1% como consecuencia dun crecemento paralelo da cifra de viaxeiros españois, do 4,2%. Con isto o turismo nacional acada a cifra máis elevada da década con preto de 125 mil noites no mes de agosto.
- O mercado internacional presenta en cambio un comportamento negativo con caídas tanto da cifra de viaxeiros estranxeiros –do 14,8%- coma do volume de noites –do 15,6% neste caso-. Con algo máis de 64 mil noites este segmento acada a cifra máis baixa dos últimos cinco anos.
- A estadía media hoteleira increméntase por cuarto ano consecutivo –un 1,5% neste mes de agosto-, situándose en algo máis de 1,8 noites –a cifra máis elevada dos últimos cinco anos e equivalente á rexistrada en agosto de 2014-.
- Descende a demanda nun contexto no que a oferta dispoñible se mantén, a grandes trazos, en niveis do pasado ano. Tal circunstancia leva a unha caída do nivel de ocupación –de algo máis dun punto porcentual- para situarse no 75,2% neste mes de agosto –a cifra máis baixa dos últimos cinco anos-.
- As tarifas hoteleiras soben neste mes –un 6,5% en particular- situándose en 80,5 euros de ingreso medio por habitación ocupada.
- Este incremento provoca que melloren paralelamente os niveis de rendibilidade hoteleira en Santiago. Neste sentido o RevPAR hoteleiro increméntase nun 2,9% situándose en 61,9 euros de ingreso medio por habitación dispoñible. Os establecementos hoteleiros de Santiago conseguen, por tanto, mellorar os niveis de rendibilidade a través do incremento dos prezos – aínda cun descenso do nivel de demanda-.


*Noites hoteleiras no concello de Santiago de Compostela. Mes de agosto 2012-19*



**ACUM. AGOSTO 2019**

- Nos primeiros oito meses deste ano 2019 obsérvase un comportamento positivo da demanda hoteleira na cidade de Santiago de Compostela. En concreto, a cifra de viaxeiros aloxados sobe un 4,7% e o volume de noites un 6,6% en relación ao mesmo período do pasado ano.
- Contrasta este incremento coa caída experimentada no pasado ano –do 3,8%- mais da continuidade á tendencia positiva observada nos cinco anteriores. Son, por tanto, seis anos case consecutivos de crecemento da demanda hoteleira en Compostela neste período de oito meses, circunstancia que coloca os niveis deste ano levemente por encima das 973 mil noites –dato que supón un máximo histórico na cidade pois nunca antes Santiago conseguira superar a barreira das 950 mil noites no acumulado ao mes de agosto-.
- Son algo máis de 60 mil novas pernoctacións en comparación co rexistrado nos primeiros oito meses de 2018.
- O bo comportamento da demanda neste ano 2019 –ata agosto- vén como consecuencia dos incrementos rexistrados nos primeiros seis meses do ano –con subas de diversa intensidade que marcan o valor máis elevado en abril co 19% interanual-. En xullo o nivel de demanda estabilízase e en agosto cae un 2,4%. Isto leva a que no período estival se rexistre un descenso global do 1,1% en relación ao verán de 2018.
- O 58% da demanda corresponde ao turismo nacional –que engloba ao interno e ao que procede do resto das comunidades autónomas- mentres que o 42% restante é de orixe internacional.
- Neste período obsérvase un comportamento homoxéneo e positivo dos dous grandes segmentos de mercado. O turismo nacional sobe un 9,8% como consecuencia esencialmente dun incremento da cifra de viaxeiros españois, do 7,4% neste caso, auspiciado por certa mellora da estadia media. Desta maneira o mercado nacional rexistra máis de 563 mil noites, a cifra máis elevada da década.
- O mercado internacional amosa tamén un comportamento positivo superando nun 1,6% a cifra de viaxeiros estranxeiros e nun 2,5% o volume de noites dos primeiros oito meses de 2018. Con isto o turismo estranxeiro rexistra preto de 410 mil noites neste período, a terceira cifra máis elevada da serie histórica.
- A estadia media hoteleira increméntase por terceiro ano consecutivo –un 1,8% neste 2019-, situándose en 1,85 noites –a cifra máis elevada dos últimos seis anos.
- Increméntase a demanda nun contexto de relativa estabilidade da oferta dispoñible –o volume de prazas ofertadas subiu un 0,8%- circunstancia que permite mellorar o nivel de ocupación - sobe en tres puntos porcentuais para situarse no 53,4% de media para este período, a cifra máis elevada da serie histórica-.
- As tarifas hoteleiras increméntanse neste período de oito meses –un 3,6% en particular- situándose en 70,5 euros de ingreso medio por habitación ocupada.
- A mellora dos niveis de demanda e ocupación acontece, por tanto, nun contexto de certa mellora dos prezos. Tal circunstancia leva a que neste período melloren en paralelo os niveis de rendibilidade hoteleira. Neste sentido o RevPAR hoteleiro sobe un 10,4% para situarse en 41,9 euros de ingreso medio por habitación dispoñible.

*Noites hoteleiras no concello de Santiago de Compostela. Acum. Agosto 2012-19*





---

**CONCELLO DE VIGO**


---

*Táboa 1: Demanda Turística Hoteleira e Ocupación no concello de Vigo*

		Agosto 2019	Acum. Agosto 2019
<b>VIAXEIROS</b>	Nº	<b>49.188</b>	<b>275.321</b>
	Var. 19/18	-4,3%	-1,3%
<b>PERNOCTACIÓNS</b>	Nº	<b>122.675</b>	<b>629.725</b>
	Var. 19/18	8,4%	12,3%
<b>ESTADIA MEDIA</b>	Nº	<b>2,49</b>	<b>2,29</b>
	Var. 19/18	13,3%	13,7%
<b>OCUPACIÓN (%)</b>	%	<b>80,40%</b>	<b>54,73%</b>
	Var. 19/18	3,75	5,95
<b>ADR (€)</b>	%	<b>78,4 €</b>	<b>61,0 €</b>
	Var. 19/18	2,0%	2,1%
<b>RevPAR (€)</b>	%	<b>67,6 €</b>	<b>39,1 €</b>
	Var. 19/18	10,3%	10,0%

*Táboa 2: Demanda Turística Hoteleira, segundo procedencia.*


		Agosto 2019	Acum. Agosto 2019
<b>VIAXEIROS NACIONAIS</b>	Nº	<b>33.677</b>	<b>192.779</b>
	Var. 19/18	1,3%	0,6%
<b>VIAXEIROS ESTRANXEIROS</b>	Nº	<b>15.511</b>	<b>82.542</b>
	Var. 19/18	-14,6%	-5,3%
<b>PERNOCT. NACIONAIS</b>	Nº	<b>91.576</b>	<b>461.012</b>
	Var. 19/18	20,1%	18,0%
<b>PERNOCT. ESTRANXEIROS</b>	Nº	<b>31.099</b>	<b>168.713</b>
	Var. 19/18	-15,8%	-0,7%

**AGOSTO 2019**

- No pasado mes de agosto obsérvase un comportamento positivo da demanda hoteleira na cidade de Vigo. En concreto, increméntase o volume de noites nun 8,4% como consecuencia basicamente dunha mellora da estadia media nun contexto no que a cifra de viaxeiros aloxados descende en relación ao pasado ano, un 4,3% en particular. Tal circunstancia acontecera xa no pasado mes de xullo.
- Este incremento contrasta coa caída rexistrada no pasado ano 2018 –do 4,3%– mais da continuidade á serie de crecementos rexistrados nos dous anos anteriores, en 2016 e 2017. Son, por tanto, tres anos case consecutivos de mellora dos niveis de demanda na cidade de Vigo neste segundo mes do verán, situando o nivel deste ano en preto de 123 mil noites –dato que supón un máximo na serie histórica–.

- Son preto de 10 mil novas pernociacións en comparación co dato de agosto do pasado ano.
- O 75% da demanda corresponde ao turismo nacional –que engloba ao interno e ao que procede do resto das comunidades autónomas- mentres que o 25% restante é de orixe internacional.
- Neste segundo mes do verán obsérvase un comportamento dispar dos dous grandes segmentos de mercado. O turismo nacional sobe de forma importante, un 20,1% en número de noites, como consecuencia esencialmente da mellora da estada media pois a cifra de viaxeiros españois sobe pouco máis do 1%. Con preto de 92 mil noites o mercado nacional acada máximo histórico de demanda no mes de agosto.
- O mercado internacional presenta en cambio un comportamento negativo. Neste mes descende a cifra de viaxeiros estranxeiros, un 14,6%, así como o volume de noites –un 15,8%- en relación ao mesmo período do pasado ano. Con isto o segmento internacional acada pouco máis de 31 mil noites, a cifra máis baixa dos últimos tres anos mais superior a toda a serie anterior.
- A estada media hoteleira increméntase por segundo ano consecutivo –un 13,3% neste mes- para situarse en 2,5 noites –a cifra máis elevada dos últimos catro anos e unha das máis altas dos destinos urbanos de Galicia-.
- Increméntase a demanda nun contexto de crecemento parello da oferta dispoñible, pero de menor intensidade –o volume de prazas ofertadas sobe neste mes un 2,2%- . Tal circunstancia leva a unha mellora do nivel de ocupación, de case catro puntos porcentuais, para situarse no 80,4% de media para este mes de xullo, a cifra máis elevada da serie histórica-. Nunca antes os establecementos hoteleiros de Vigo conseguiran ocupar o 80% das súas prazas ofertadas nun mes de agosto.
- As tarifas hoteleiras increméntanse neste oitavo mes do ano –un 2,0% en particular-, situándose en 78,4 euros de ingreso medio por habitación ocupada.
- A mellora dos niveis de demanda e ocupación, acontecida ademais nun contexto de crecemento dos prezos hoteleiros, provoca que neste mes de agosto melloren tamén os niveis de rendibilidade hoteleira. Neste sentido o RevPAR hoteleiro sobe un 10,3% situándose en 67,6 euros de ingreso medio por habitación dispoñible.

*Noites hoteleiras no concello de Vigo. Mes de agosto 2012-19*



**ACUM. AGOSTO 2019**

- Nos primeiros oito meses deste ano 2019 obsérvase un crecemento dos niveis de demanda hoteleira na cidade de Vigo. En concreto, o volume de noites sobe un 12,3% como consecuencia da mellora da estadía media pois a cifra de viaxeiros aloxados descende levemente, un 1,3% en particular.
- Contrasta este incremento coa estabilidade rexistrada no mesmo período do pasado ano mais da continuidade á serie de crecementos consecutivos dos catro anos anteriores, de 2014 a 2017 – especialmente nos anos 2016 e 2017 cando se rexistraron subas por encima do 15% interanual-. Esta dinámica coloca o nivel final deste ano, no acumulado ata agosto, en case 630 mil noites – a cifra máis elevada da serie histórica-. Nunca antes a cidade de Vigo conseguira superar a barreira das 600 mil noites nos primeiros oito meses do ano.
- En termos de viaxeiros aloxados a dinámica é algo diferente pois neste caso son dous anos consecutivos de caídas leves, deixando a cifra final por encima dos 275 mil viaxeiros.
- O comportamento positivo da demanda hoteleira en Vigo vén como consecuencia dos incrementos rexistrados en todos os meses do ano. A dinámica positiva é, por tanto, sostida no curto prazo e maniféstase con taxas importantes que superan o 10% interanual en seis meses – de febreiro a xullo-. Só para o verán a cidade de Vigo rexistra un incremento global do 9,3% con preto de 226 mil noites –máximo histórico no período estival-.
- O 73% da demanda corresponde ao turismo nacional –que engloba ao interno e ao que procede do resto das comunidades autónomas- mentres que o 27% restante é de orixe internacional.
- Neste período obsérvase un comportamento dispar dos dous grandes segmentos de mercado. O turismo nacional sobe un 18,0% como consecuencia da mellora da estadía media pois a cifra de viaxeiros españois mantense estable nos niveis do pasado ano.
- O mercado internacional presenta, en cambio, un comportamento negativo neste período, cun descenso leve no volume de noites –do 0,7%- que provén dunha caída da cifra de viaxeiros estranxeiros do 5,3% parcialmente amortiguada por unha mellora da estadía media.
- A estadía media hoteleira sobe de forma notable neste período de oito meses –un 13,7% en particular- para situarse por vez primeira na serie histórica do acumulado a agosto en 2,3 noites de media.
- Incrementábase a demanda nun contexto de estabilidade da oferta dispoñible –en sentido estrito o volume de prazas ofertadas descende un 0,3%-. Tal circunstancia leva a unha mellora do nivel de ocupación –sobe en case seis puntos porcentuais para situarse no 54,7% de media para este período, dato que supón tamén un máximo histórico para a cidade-.
- As tarifas hoteleiras soben neste período de oito meses –un 2,1% en particular-, situándose en 61,0 euros de ingreso medio por habitación ocupada.
- A mellora dos niveis de demanda e ocupación acontecida ademais nun contexto de incremento dos prezos provoca que neste período melloren tamén os niveis de rendibilidade hoteleira. Neste sentido o RevPAR hoteleiro sobe un 10,0% situándose en 39,1 euros de ingreso medio por habitación dispoñible.

